OS ECOSISTEMAS

No noso planeta hai espazos naturais moi diferentes: bosques, desertos, ríos, pradarías, lagos... Cada un destes espazos é un ecosistema.

Un ecosistema está formado por dous compoñentes:

- **Os seres vivos**. Son o conxunto de animais, plantas e outros seres vivos que habitan nese lugar.

- **O medio físico**. É o espazo onde habitan eses seres vivos. A terra, a auga, o aire e as rochas forman parte do medio físico.

Hai ecosistemas de gran tamaño, como a selva, e outros máis pequenos, como unha lagoa.

LIVEWORKSHEETS

ECOSISTEMAS TERRESTRES E ACUÁTICOS:

Os ecosistemas poden ser: terrestres ou acuáticos.

- **Ecosistemas terrestres:**

No **bosque**, as árbores e os arbustos serven de refuxio e proporcionan alimento ós animais.

As **pradarías** son grandes extensións de herba. Nelas viven os grandes animais herbívoros.

Nos **desertos** a auga é moi escasa, polo que nestes ecosistemas habitan poucos seres vivos.

LIVEWORKSHEETS

- **Ecosistemas acuáticos:**

Os **ecosistemas de auga salgada** encóntranse no mar.

Os **ecosistemas de auga doce** encóntranse nos ríos e lagos.

A VIDA NOS ECOSISTEMAS:

Os seres vivos dun ecosistema dependen uns dos outros para alimentarse. Por exemplo, os coellos son herbívoros e aliméntanse de herba, e os raposos, que son omnívoros, comen coellos. Estes tres seres vivos forman unha cadea alimentaria. Os seres vivos dun ecosistema colaboran e axúdanse entre si.

Por exemplo, os ñus desprázanse en grupo para se protexeren dos ataques dos leóns. Algunhas actividades humanas danan os ecosistemas: a corta excesiva de árbores, a acumulación de lixo, algunhas fábricas que ensucian o aire e a auga…

LIVEWORKSHEETS

1) Escribe V (verdadeiro) ou F (falso):

- [ ] Un ecosistema sempre está habitado por seres vivos.
- [ ] Un ecosistema está formado só por animais e plantas.
- [ ] As plantas forman parte do medio físico dun ecosistema.
- [ ] Na Terra existen moitos ecosistemas diferentes.

2) Para que se protexen algúns ecosistemas? Marca.

- [ ] Para conservar as paisaxes naturais.
- [ ] Para coidar os seres vivos que habitan alí.
- [ ] Para conservar as construcións que fixeron as persoas.
- [ ] Para evitar actividades humanas que poidan danar o ecosistema.

3) Que representa unha cadea alimentaria? Marca a opción correcta.

- [ ] Como colaboran entre si os seres vivos dun ecosistema.
- [ ] De que se alimenta cada ser vivo dun ecosistema.

LIVEWORKSHEETS

4) Observa e marca as características deste ecosistema.

☐ Predomina a terra firme.

☐ Predomina a auga.

☐ É auga salgada.

☐ É auga doce.



5) Que tipo de ecosistema é cada un? Une.

Ecosistemas terrestres	Ecosistemas acuáticos

6) Por que as gaivotas viven preto do mar? Marca.

☐ Porque o seu principal alimento son os peixes.

☐ Porque lles gusta refrescarse na auga.

☐ Porque fan os niños nas rochas costeiras.

LIVEWORKSHEETS